



MANIFESTO DA FEDERACIÓN ESPAÑOLA DE CÁNCER DE MAMA (FECMA)

19 outubro 2014. DÍA INTERNACIONAL DO CÁNCER DE MAMA

A nosa Federación Española de Cáncer de Mama (FECMA) e as 40 Asociacións federadas, vinculamos o **19 de outubro ao Día Internacional do Cáncer de Mama**.

Defendemos, un ano máis, **os programas de detección precoz** e que estes sexan promovidos e xestionados polo sistema público de saúde, con acceso gratuíto, continuados no tempo, dotados dos recursos necesarios, desenvolvidos con controis de calidade e por persoal formado e avaliados nos seus resultados, incluíndo a participación.

O noso obxectivo é concienciar ás mulleres e incentivar a súa participación nas campañas de detección precoz, **animando a todas as mulleres a desenvolver hábitos saudables de vida**.

Ninguén con valor científico dubida do valor das mamografías e a importancia da detección precoz en cancro de mama.

O importante hoxe non é gastar tempo e enerxías en criticar os instrumentos dispoñibles de diagnóstico precoz, senón **investir en investigación e innovación** para: avanzar nos máis fiables métodos de diagnóstico; desenvolver terapias menos agresivas, máis innovadoras e eficaces; dispoñer dos medicamentos contrastados como máis axeitados e avanzar na corrección dos efectos adversos da enfermidade e, desa forma, garantir unha atención de calidade a todas as mulleres con cancro de mama.

Somos conscientes de que o cancro de mama ten un custo socioeconómico. Pero **a maior supervivencia obtense aplicando innovación e novos coñecementos**. A innovación e a investigación clínica permitirán avanzar no tratamento individualizado en oncoloxía. Nada pode xustificar atrasos no acceso á innovación aos pacientes.

Manifestámonos preocupadas por algunhas das consecuencias das últimas reformas legais actualmente vixentes.

Defendemos unha sanidade española pública, universal e gratuíta, sustentada economicamente na progresión dos impostos e na solidariedade, e como instrumento activo de cohesión social e de igualdade.

Somos partidarias dun Pacto de Estado pola defensa, a sostibilidade, a cohesión, a suficiencia presente e futura e a calidade do Sistema Nacional de Saúde, co compromiso das Administracións Sanitarias e dos actores implicados, incluídos os pacientes.

Crece o número de mulleres novas con cancro de mama, que desexan coñecer as consecuencias dos tratamentos recibidos e de aí que apareza a preservación da fertilidade na abordaxe do paciente oncolóxico.

Todos os tumores son agresivos e producen consecuencias no ámbito familiar, laboral e profesional. **O cancro** supérase nun número importante de casos, pero **ten efectos adversos** e é unha enfermidade vinculada a unha palabra que ás mulleres nos aterra: a metástase. **Nas pacientes novas engádesse o problema da súa fertilidade.**

A asistencia débese caracterizar por unha atención personalizada porque non hai pacientes nin tratamentos estándar, e por equipos multidisciplinares de profesionais; unha **atención personalizada e multidisciplinar homoxénea, con independencia de onde viva a paciente.**

En España maniféstanse desigualdades con escenarios diferentes entre comunidades autónomas, entre provincias e mesmo entre hospitais e non son aceptables as diferenzas no acceso aos servizos, ás prestacións, a determinadas terapias ou a determinados fármacos innovadores.

O Sistema Nacional de Saúde, xestionado por diferentes Administracións, é único, e esixe lealdade e rigorosa corresponsabilidade de todas as administracións sanitarias.

Non se trata de situarnos en igualitarismos imposibles, senón de que o Sistema Nacional de Saúde garanta unha **Carteira de Servizos única e común**, con independencia da administración xestora como elemento de equidade e xustiza. **Os titulares do dereito á saúde non son os territorios, senón os pacientes e os usuarios.**

A vida e a saúde non son frías partidas presupostarias. A calidade dos diagnósticos, as terapias e os tratamentos non son datos contables. **A saúde ten un valor, pero nunca pode ter un prezo.**

Seguimos insistindo no noso dereito a unha segunda opinión; a unha información obxectiva, veraz, completa, comprensible e específica; á seguridade do paciente como expresión de calidade; ao recoñecemento dunha visión integral do paciente; á atención aos problemas laborais; á asistencia psico-social; a unha xestión eficaz das listas de espera; á rehabilitación física; á atención aos cuidados paliativos para pacientes en estadios avanzados e á avaliación dos riscos de mulleres susceptibles de presentar síndrome hereditaria de cancro.

Reiteramos a **necesidade de Rexistros poboacionais homoxéneos e actualizados de cancro**, que permitan saber a realidade de novos casos e falecementos, a idade das persoas diagnosticadas, os casos de cancro metastásico e o número de mulleres en idade fértil diagnosticadas de cancro.

Os rexistros actuais apenas sí inclúen o 15% da poboación.

Deixáronnos algunha cicatriz no corpo que nos recorda que un día pasamos polo quirófano, pero non nos quitaron a capacidade de pensar, nin nos anulou a sensibilidade para amar e para sufrir, nin nos borraron a capacidade para descubrir que hai horizontes que podemos ter ganas de descubrir. Sorteamos as dificultades, evitamos a soidade, espantamos os medos, impulsamos os sonos e non queremos vivir con pesimismo.

Aspiramos a gañar anos de vida, pero sobre todo vida aos anos.